

David Rodríguez Lorenzo (2008): “Análise contrastiva entre os materiais do *ALG* e do *ALPI* no campo léxico das partes do corpo”, en Alexandre Veiga / María Isabel González Rey (coords.): *La diversité linguistique*. Lugo: Axac, 219-223.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ANÁLISE CONTRASTIVA ENTRE OS MATERIAIS DO ALG E DO ALPI NO CAMPO LÉXICO DAS PARTES DO CORPO

David RODRÍGUEZ LORENZO

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

O Atlas Lingüístico da Península Ibérica —en diante ALPI— botou a andar en 1934 baixo a dirección do eminente filólogo Tomás Navarro Tomás. Das enquisas en Galicia e norte de Portugal encargouse Haníbal Otero, enquisas que foron paralizadas no 36 por causa do inicio da Guerra Civil e foron rematadas ulteriormente grazas ao interese que Menéndez Pidal puxo na empresa. Sen embargo, a pesar de estar rematado o traballo de campo, nunca chegou a publicarse a totalidade dos resultados deste primeiro proxecto de atlas lingüístico peninsular.

Desde o Instituto da Lingua Galega —en diante ILG—, estamos a traballar na recuperación e dixitalización dos datos do ALPI correspondentes ao noso territorio, no que se inclúen 53 puntos, con dous informantes por cada un. O fin último deste labor é non só reconstruír un estadio da nosa lingua de hai setenta anos, senón tamén poder comparalo cos datos máis recentes. Trátase dunha oportunidade única para observar tendencias e evolucións de diversos fenómenos lingüísticos durante practicamente todo o século XX.

Namentres non se fagan novas enquisas que revelen a situación dialectal actual, a nosa base de datos referencial para contrastar é a do Atlas Lingüístico Galego —en diante ALG—, proxecto iniciado en 1974 baixo a dirección de Constantino García e cuxo traballo de campo foi levado ao cabo por Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González. Este proxecto, moito mellor adaptado á realidade lingüístico-xeográfica do país e moito máis detallado, conta con informantes de 152 puntos espallados por todo o territorio, a meirande parte deles coincidentes de modo exacto cos puntos empregados no ALPI, o que facilita a comparación e dótaa de rigor científico.

O presente traballo é unha caste de ensaio parcial do que se fará de maneira global cando os datos do ALPI e do ALG estean completamente procesados. Trata de comparar os resultados dun e outro altas para observar o devir de certos fenómenos, neste caso de carácter léxico e sociolingüístico, durante os corenta anos que separan as tomas de datos dos dous proxectos.

2. MÉTODOS

Pretendemos observar a evolución da penetración de castelanismos no campo léxico das partes do corpo entre 1934 e 1974. Para isto tomamos vinte cuestións relativas a esa segmentación do léxico coincidentes entre ALPI e ALG, das que, para esta exposición, se-

leccionamos as dez que se presentaron como máis interesantes, a saber : *beizo, cóbado, en-xiva, galillo, gorxa, nocello, pulso, ril, testa e xeonllo*. Estas formas foron escolleitas *ad hoc*, en previsión da aparición de castelanismos en substitución dos termos patrimoniais, xa que é un fenómeno común no galego popular. Trátase, logo, de analizar cal é o estado da cuestión —o grao de penetración do castelán neste eido— que se destila dos datos do ALPI e comparalo co que presentan os datos do ALG.

O primeiro paso foi asignar as correspondencias de puntos entre os dous atlas. Como dixemos, a meirande parte deles son exactamente coincidentes ; aos puntos do ALPI que non aparecen tamén do ALG asignóuselles un o máis próximo posible. Fíxose isto tendo en conta as barreiras xeográficas e a división en áreas dialectais proposta por Fernández Rei na *Dialectoloxía da lingua galega* para asegurar a proximidade lingüística máis cá espacial.

Posteriormente procedeuse á transcripción dos datos a mapas que permitisen unha comparación visual rápida. Hai que dicir que este fenómeno da penetración de castelanismos en diversos eidos do noso léxico é inestable e irregular, polo que non atopamos unha distribución xeográfica clara, así, que —en contra dos dictames da *Dialectoloxía* moderna, por unha motivación simplemente organizativa— tomamos como referencia as actuais divisións administrativas provinciais para facer máis cómoda a análise.

3. RESULTADOS¹

1) *Beizo*

Trátase dun caso especial, xa que no canto de darse un fenómeno de penetración dunha forma castelá ou substitución pola patrimonial galega, o que se dá é a expansión dun hiperenxebismo por extensión de significado diferencial da solución normal, coincidente co castelán. Isto é, a forma habitual e patrimonial tanto para galego como para castelán é *labio* ; *beizo*, en principio, refírese aos labios dos ruminantes. Sen embargo, as vangardas literarias de principios de século, no seu afán diferencialista, comezaron a empregar *beizo* en substitución de *labio* indiscriminadamente. Pois ben, semella que isto marcou certa tendencia e observamos un incremento considerable no uso de *beizo* —como forma única ou como segunda solución a carón de *labio*—, sobre todo na provincia da Coruña, pero tamén en Lugo e Pontevedra. Aumentou nun total de 12 puntos, pero ademais hai que matizar que na meirande parte dos puntos do ALPI en que se rexistrou a forma, explícase en nota que fai referencia « ao dos animais ».

2) *Cóbado*

A forma *cóbado* é maioritaria no ALPI, agás en Lugo, que xa no 34 presenta unha forte penetración do castelanismo *codo* —en máis da metade dos enquisados—. Esta pene-

¹ Na exposición oral foron acompañados dos mapas das cuestións cuxos resultados se amosaron máis relevantes.

tración semella que se estendeu ao resto do territorio, pois os datos do ALG amosan que a solución maioritaria para a maior parte do territorio agás A Coruña —onde, con todo, diminuíu o uso da forma patrimonial—, é a castelá. Eran 15 os puntos que no 34 presentaban *codo* como nome da articulación, e pasaron a ser 40, de 53 nos correspondentes do ALG. Esta forte substitución pode deberse á similitude entre as dúas formas e á simplificación da castelá verbo da galega.

3) *Enxiva*

Segundo os datos obtidos das enquisas do ALPI, a forma maioritaria, case única en Galicia, é *enxiva* —ou *enxivia*, *xinxiva* e algunha outra variante despalatalizada—. Pola contra, os datos do ALG amosan un incremento notable no uso da forma castelá *encía*, que aparece en 21 puntos máis ca no 34, sendo, ademais, a forma maioritaria en Lugo e Ourense. Cómpre dicir que se dan casos esporádicos de presenza das dúas solucións, polo que se deduce que é un proceso de substitución todavía en marcha.

4) *Galillo*

A forma *galillo* é claramente maioritaria na Galicia do 34 segundo reflicten as enquisas do ALPI, agás no centro-sur de Pontevedra, onde ao seu carón aparecen formas derivadas da raíz *PINC-*, de onde temos o verbo *pingar*, como *pinque*, *pingue*, *pinguelo* ou *pin-callón*. Respecto do ALG, na provincia da Coruña apenas hai cambios, tan só a substitución da palabra patrimonial polo castelanismo *campanilla* —ou, adaptado, *campaiña*— en dous puntos meridionais. En Lugo, o emprego do termo castelán pasa de tres a seis puntos. En Pontevedra pasa de cero a dous, e *pin-callón* —forma propia do Salnés— gaña un. No occidente ourensán a forma *galillo* perde terreo fronte a *pinquel*, pero non fronte á solución castelá, que semella ter só éxito no norte e leste de Lugo.

5) *Gorxa*

Tanto no ALPI coma no ALG a forma *gorxa* é a que ocupa a totalidade do territorio. A única diferenza radica en que nos datos do 74 atopamos algunhas duplas solucións *gorxa/garganta* na Coruña e Pontevedra, pero sempre con preferencia pola forma patrimonial. A nosa intuición, baseada na observación do galego oral actual, dicíanos que iamós atopar unha maior penetración do castelanismo, pero equivocámonos; claro que quizais os datos a día de hoxe sexan xa outros.

6) *Nocello*

A presenza da forma castelá *tobillo* —e variantes como *todillo* ou *tudillo*— era practicamente inexistente no 34 nas provincias da Coruña e Pontevedra; sen embargo, era xa notable nas de Lugo e Ourense. Así, as formas maioritarias eran as patrimoniais *nocello*, *artello*, *nortello*, *tornecelo* —estas dúas últimas sobre todo en Ourense e Pontevedra— e variantes. Pero os datos do 74 revelan unha clara tendencia á penetración do castelanismo nas catro provincias, sobre todo nos dous terzos máis septentrionais, ata convertela en maioritaria; rexístrase en 12 puntos do ALPI e en 31 dos correspondentes do ALG.

7) *Pulso*

En todo o territorio agás en Pontevedra, o ALPI amosa o castelanismo *muñeca* como forma maioritaria xa daquela. Corenta anos despois a situación non parece mudar: *pulso* segue a ser forma maioritaria en Pontevedra e no resto case non se apreza o avance do castelanismo.

8) *Ril*

A forma patrimonial *ril* —e variantes— é case a única que se rexistra en todo o territorio nas enquisas do ALPI. As do ALG, pola contra, amosan unha penetración do castelanismo *riñón* que se fai especialmente notable na provincia de Lugo e noroeste de Ourense, se ben nalgúns casos aparece acompañada da forma patrimonial como segunda opción, cualificada como menos frecuente, antiga ou en desuso. O emprego do castelanismo aumenta en 30 puntos.

9) *Testa*

Tanto no ALPI coma no ALG *testa* e *frente* amosan unha distribución irregular, pero apréciase unha clara tendencia á desaparición da primeira forma en favor da segunda ou a alteración na orde de preferencia, atribuíndolle restriccións do tipo « é unha forma antiga » ou « refírese á dos animais ». Esta tendencia está máis marcada na zona luguesa.

10) *Xeonllo*

A análise dos datos do ALPI respecto deste vocábulo revélanos que xa estaba en recesión cando se fixeron as súas enquisas. De feito, a forma castelá *rodilla* era xa no 34 claramente maioritaria fronte á patrimonial *xeonllo* —e variantes como *sonllo*, *xonllo* ou *sioño*—, ata tal punto que tanto en Lugo coma en Pontevedra só se rexistra a solución patrimonial en dous puntos e como menos corrente. O ALG semella confirmar o éxito do proceso de substitución, se ben aínda non rematado. Polo que vemos, *rodilla* é un dos castelanismos máis arraigados no noso territorio.

4. BREVE APARTADO CONCLUSIVO

Como acabamos de ver, a substitución de formas patrimoniais para nomear partes do corpo por solucións castelás é un fenómeno irregular e inestable. Sen embargo, pódense observar algunhas tendencias máis ou menos claras. Semella que, agás no caso —moi particular— de *beizo*, é un proceso en clara progresión e que nalgúns dos casos —nomeadamente no de *xeonllo/rodilla*— estaba xa moi avanzado no 34. Por outra parte, a pesar de que non se apreza unha distribución xeográfica clara, si parece que a provincia de Lugo e norte de Ourense son as áreas máis sensibles á penetración de léxico castelán —todo isto esquecendo que as enquisas se fan no rural, lonxe dos focos castelanizadores das grandes cidades.

Isto semella presentar un panorama escuro para o futuro da lingua, pero non debemos perder de vista que as cuestións foron escolleitas *ad hoc* sabendo que aparecerían

castelanismos, non quere dicir que o proceso de substitución se estea a dar por igual en todo o léxico —casos como o de *gorxa*, son significativos a este respecto—. Ademais, hai xa máis de trinta anos que se tomaron os datos do ALG e non temos unha idea exacta do que trinta anos de Estatuto, Lei de Normalización, galego no ensino e nos medios, etc. puideron facer en favor da recuperación do idioma. Desde o ILG promoveremos novos estudos que aporten datos sobre isto e agardamos, como todos os amantes da lingua, que o proceso chegue a invertirse.